



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XXVIII CICLO
CONCERTOS DE OUTONO
2026

XXVIII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2026

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

Todos os concertos celebraranse os domingos. Ciclo de música dedicado a intérpretes e profesionais galegos ou residentes en Galicia.

**Domingo,
27 de setembro**

Haruna Takebe
piano

*Concerto en
colaboración con
Festival Vertixe 14

11 de outubro

ESPAÑA-CUBA.
MÚSICAS DE IDA E VOLTA
DÚO ARIA NOSTRA
Lis Teuntor
soprano
Julián Jesús Pérez
piano

18 de outubro

ADSUM
Laura Lorenzo
flauta
Brais González
piano

22 de novembro

AUGA
Elisa Vázquez Doval
piano

29 de novembro

DÚO MARCO
Marta Vélez
violín
Constantino Pérez
piano

PROGRAMA

***Incidendo/Fluido for
piano and CD (2000)***

Olga Neuwrth
(Austria, 1968)

Moebius Ring (2003)

Misato Mochizuki
(Xapón, 1969)

***Transcendental Étude
(2023)***

Liza Lim
(Australia, 1966)

***Étude pour pianiste
(2022)***

Noriko Baba
(Xapón, 1972)

***Astraglossa for prepared
piano, electronics & two
aerospace engineers
(2016)***

Helga Arias
(España, 1984)



Jenaro Carrero
Fernández
O Curro de Noia,
ca. 1895

HARUNA TAKEBE Concertista de piano de ampla experiencia performativa, habitual solista con orquestras como a Sinfonie Orchester de Berlin; a Orquestra Sinfónica de Takamatsu, a Orquestra Filarmónica Checa ou a Real Filharmonía de Galicia. Coñecida pola claridade do seu fraseo e unha sonoridade de gran refinamento, alterna recitais a solo con proxectos de cámara e programas curatoriais que dialogan con outras artes, renovando a propia experiencia de concerto. No ámbito da música actual, mantén unha estreita colaboración con creadoras e creadores, participando en estreas, residencias e procesos de investigación que amplían as posibilidades acústicas e performativas do piano. A súa presenza en escena destaca por un equilibrio exemplar entre precisión, imaxinación e escoita activa.

A pianista xaponesa Haruna Takebe graduouse na universidade Toho Gakuen de Tokio, ampliou estudos na Universidade das Artes de Berlín e obtivo o grao Master no Conservatorium van Amsterdam. Na súa actividade profesional destacan as actuacións como solista xunto a orquestras como a Orquestra Sinfónica de Berlín, a Takamatsu Symphony Orchestra ou a Real Filharmonía de Galicia coa que protagonizou a estrea en España do concerto Lotus under the moonlight de Toshio Hosokawa. O selo STH Quality Classics publicou un disco con interpretacións de Scarlatti, Schubert, Liszt e Debussy. En 2007 incorporouse á Elisabeth University of Music de Hiroshima como Catedrática de Piano e foi principal profesora convidada en varias institucións para facer seguimento de novos talentos ata o 2009, cando se traslada a Santiago de Compostela onde traballa para a Escola de Altos Estudos Musicais. En España converteuse nunha asidua dos seus escenarios tanto con recitais de piano solo como con diversas formacións de cámara como Artemis Ensemble, Airas Ensemble o Vertixe Sonora. Coas dúas últimas agrupacións gravou sendos discos (CD Airas Ensemble; Columna Musica - 2017; e monográfico Víctor Ibarra con Vertixe Sonora para el selo NEOS - 2019). Na súa formación figura unha ampla nómina de mestres como os pianistas Keiko Takeuchi, Elena Lapitskaja, Willem Brons, Keiko Abe, Andrzej Jasinski, Pascal Devoyon, Boris Bloch, Felix Gottlieb, Mikhail Voskresensky, Jan Wijn, Aquiles Delle Vigne o Paul Badura Skoda; traballou estreitamente con Sumiko Mikimoto (fundadora da escola pianística que propiciou o auxe de pianistas asiáticos en concursos e salas de concertos internacionais); estudos de fortepiano con Bart Van Oort; de Acompañamento de Lied con Roger Vignoles, Rudolf Jansen, Udo Reinemann, Helmut Deutsch o Sara Walker; e de Música de Cámara con Nobuko Imai, Walter Van Hauwe ou Uwe-Martin Haiberg.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XXVIII CICLO
CONCERTOS DE OUTONO
2026

XXVIII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2026

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

Todos os concertos celebraranse os domingos. Ciclo de música dedicado a intérpretes e profesionais galegos ou residentes en Galicia.

27 de setembro

HARUNA TAKEBE
piano

*Concerto en
colaboración con
Festival Vertice 14

**Domingo,
11 de outubro**

**ESPAÑA-CUBA.
MÚSICAS DE IDA E VOLTA
DÚO ARIA NOSTRA**

Lis Teuntor

soprano

Julián Jesús Pérez

piano

18 de outubro

ADSUM
Laura Lorenzo
flauta
Brais González
piano

22 de novembro

AUGA
Elisa Vázquez Doval
piano

29 de novembro

DÚO MARCO
Marta Vélez
violín
Constantino Pérez
piano

PROGRAMA

Os teus ollos de Melodías

Gallegas Texto de Manuel
Curros Enríquez

José Castro "Chané"
(1856-1917)

Negra Sombra de Seis

Baladas Gallegas

Texto de Rosalía de Castro
Juan Montes (1840-1899)

Rosa de Abril

Sobre un texto de
Rosalía de Castro

Andrés Gaos Berea
(1874-1959)

**Anda, Jaleo de Canciones
populares españolas**

Federico G. Lorca (1898-1936)

**Canción de cuna para dormir
a un negrito**

De Cinco Canciones Negras

Texto de Ildefonso Pereda Valdés
Xavier Montsalvatge
(1912-2002)

Quiéreme mucho

Gonzalo Roig (1890-1970)

Lágrimas negras

Miguel Matamoros (1894-
1971)

Veinte años

M^a. Teresa Vera (1895-1965)

Una guajira en Italia

**Canto indienne de Cuatro
miniaturas para piano**

Calixto Álvarez (1938)

Siempre en mi corazón

Ernesto Lecuona (1895-1963)

Canto Siboney Da zarzuela

La tierra de Venus

Ernesto Lecuona
(1895-1963)

DÚO ARIA NOSTRA Formado por Guadalupe Teuntor (soprano) e Julián Jesús Pérez (piano), naceu no verán de 2024 por iniciativa dos seus compoñentes, que decidiron formar un grupo de cámara co obxectivo de difundir o amplo repertorio de cancións de salón dos últimos catro séculos en diferentes linguas europeas, con especial atención ao repertorio en lingua galega, cancións cubanas, romanzas de zarzuela e arias de ópera, para ofrecer unha maior versatilidade aos programas que se presenten |

LIS TEUTOR Naceu na Habana (Cuba) | É licenciada en Dirección Coral con título de ouro en Dirección Coral (summa cum laude) polo Instituto Superior de Arte (ISA) da súa cidade, así como canto lírico | Tamén conta coa acreditación de profesora de Solfeoxo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento | En 1993 recibiu o Primeiro Premio de Dirección Coral Nacional | Trasládase a España, onde completou a súa formación musical coas especialidades de Canto e Pedagogía da Linguaxe Musical no Conservatorio Superior de Música da Coruña | Foi membro do Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia e exerceu como profesora de música en diferentes escolas e conservatorios de Galicia | Desde 2003 dirixe diversos coros da Coruña, Culleredo e Pradio (Cambre) | Como solista, participou en importantes eventos en salas como os Teatros Colón e Rosalía de Castro da Coruña, o Teatro Jofre de Ferrol, a Catedral de Santiago de Compostela e outros templos da Coruña ou a Fundación Barrié, entre outros | Colaborou coas Bandas Militar e Municipal da Coruña | Destaca a súa participación nunha Gala lírica organizada pola Xunta de Galicia, a súa intervención na ópera Norma de Bellini, no Teatro Colón, e na ópera El Reflejo de Gabriel Bussi e Javier Ozores, así como actriz nalgúns series da TVG e en actos da Real Orde de Cabaleiros de María Pita con motivo dos Xogos Florais no Teatro Colón, e o Festival Resis de Música Contemporánea con obras do compositor Hugo Gómez-Chao Porta. Recentemente actuou na IX edición da entrega dos Premios Cantábrico Excelente | Dirixe o cuarteto lírico Aris Stellae, con quen actuou na TVG e que participou na Gala dos Xogos Florais da Real Orde de Cabaleiros de María Pita no Teatro Colón na Coruña | Actualmente compaxina o seu papel de intérprete de piano e voz coa de profesora de linguaxe musical en conservatorios profesionais de música |


JULIÁN JESÚS PÉREZ (A Coruña, 1965) Catedrático de Música en Secundaria, investigador, pianista e director de coro, é doutor en Didáctica da Lingua e da Literatura, Máster en Dirección e Pedagogía Coral, posgrao en Educación Musical, licenciado en Filoloxía Inglesa e titulado en Piano | Comezou os seus estudos musicais con María Moscoso e no Conservatorio da Coruña con Natalia Lamas e Manuel Alonso; ampliounos e perfeccionounos con destacados mestres: Irina Moriatova e Ilona Timchenko (piano), Inés Rivadeneira e Eva del Moral (canto), Peter Phillips e Rupert Damerell (polifonía), Javier Busto, Martin Schmidt e Nuria Fernández Herranz (dirección coral), entre outros | En 1991 recibiu a Bolsa Rosa Sabater de Polifonía no curso Música en Compostela. Actuou por toda España e no estranxeiro. Creou e dirixiu a Aula de Música da Universidade da Coruña, onde formou e dirixiu o Coro Universitario, a Camerata Vocal e a Orquestra de Cámara da UDC, e organizou ciclos de concertos | Fundou e dirixiu o Coro de Cámara Madrigalia e o Coro de Cámara da Coruña | Tamén traballou como director invitado con diversas formacións | Realizou gravacións como director de coro e como pianista de cámara | No eido da investigación, publicou varios libros e artigos en España e no estranxeiro | Tamén impartiu conferencias en diversas cidades españolas | Actualmente é director de Concentus Cruniensis ensemble de cámara, traballa como pianista con cantantes líricos e continúa as súas tarefas investigadoras |



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Jenaro Carrero
Fernández
O Curro de Noia,
ca. 1895





MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XXVIII CICLO
CONCERTOS DE OUTONO
2026

XXVIII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2026

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

Todos os concertos celebraranse os domingos. Ciclo de música dedicado a intérpretes e profesionais galegos ou residentes en Galicia.

27 de setembro

HARUNA TAKEBE
piano

*Concerto en
colaboración con
Festival Vertixe 14

11 de outubro

ESPAÑA-CUBA.
MÚSICAS DE IDA E VOLTA
DÚO ARIA NOSTRA
Lis Teuntor
soprano
Julián Jesús Pérez
piano

Domingo,
18 de outubro

ADSUM
Laura Lorenzo
frauta
Brais González
piano

22 de novembro

AUGA
Elisa Vázquez Doval
piano

29 de novembro

DÚO MARCO
Marta Vélez
violín
Constantino Pérez
piano

LAURA LORENZO (Cangas do Morrazo, 1993) Remata os seus estudos superiores con matrícula de honra no Conservatorio Superior de Vigo. Posteriormente realiza un máster en música clásica e contemporánea na Hochschule für Musik Freiburg con Mario Caroli e, en 2022, gradúase no máster en musicoloxía aplicada da Universidad de La Rioja, especializándose na historia interpretativa da frauta no século XX. Na súa formación orquestral destaca o seu paso pola Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia e pola JONDE coa que participou en numerosos encontros orquestrais que a levaron a tocar por auditorios europeos. Ademais foi academista da Orquesta Nacional de España (OCNE). Como músico freelance colaborou e colabora en formacións profesionais como: Orquesta Sinfónica de Navarra, ORCAM, Real Filharmonía de Galicia, Orquesta Nacional de España, Orquesta Sinfónica de Galicia ou Philharmonisches Orchester Freiburg. É membro fundadora de Samudra Trio, grupo que foi premiado polo seu álbum discográfico Odisea no XIV Concurso Internacional de Chieri e nos IX Premios Martín Códax na categoría de música clásica e contemporánea. Desde 2019, é colaboradora de Caspervek.

BRAIS GONZÁLEZ (Vigo, 1987) Estuda na Universidade Mozarteum de Salzburgo con Rolf Plagge, completando a súa formación nos Conservatorios de Vigo e Oviedo. Foi premiado entre outros no Concurso Internacional Ciudad de San Sebastián, o Concurso Internacional Cidade de Ferrol, o Concurs Ricard Viñes de Lleida ou o IV Concours International Nikolai Rubinstein de París. Actuou como solista e músico de cámara nunha vintena de países europeos e como compositor, as súas obras foron interpretadas en importantes escenarios do continente como o Conde Duque (Madrid), KUMU (Estonia), o Baltais Fligelis (Letonia) ou o Flux (Budapest). En agosto de 2022 estreou a súa primeira ópera “Loba Branca” no Festival delle Nazioni de Città di Castello (Italia) baseada nunha lenda tradicional da Serra do Courel.

PROGRAMA

Wanderers Nachtlid
Hans Rott

A Hermit Thrust at Eve
Amy Beach

The Lark
Mikhail Glinka

**Not one sparrow
is forgotten**
Tradicional

**“Listen, the robbin
sings” (Swan White,
op. 4)**
Jean Sibelius

Le merle noir
Olivier Messaien

**Musique d’insectes,
de rainettes
(L’enfant et les
sortilèges)**
Maurice Ravel

Chauve-souris
Henrique Oswald

**“Fliegt heim.
ihr Raben”
(Götterdämmerung)**
Richard Wagner

Owls
Edward Elgar

The Angry Bear
Bohuslav Martinu

**The Wolf
(Peter and the Wolf)**
Sergei Prokofiev

Renard
Igor Stravinsky

La belette
Louis-Nicolas
Clérambault

The Poor Rabbit
Bohuslav Martinu

The Silly Little Mouse
Dimitri Shostakovich

**The Mouse and
the Cat**
Aaron Copland

Danse de la chèvre
Arthur Honegger

**Sheep and Goat
Walking to the
Pasture**
Percy Grainger

La chiocciola
Nino Rota

The little Calf
Alexander
Gretchaninov

Grisen
Edvard Grieg

The Squirrel's Party
Gena Branscombe

Of Salamanders
Edward Macdowell

Le martin-pecheur
Maurice Ravel

The Frog Galliard
John Dowland

Die Forelle
Franz Schubert

**Le cerf se mirant
dans l'eau**

Louis-Nicolas
Clérambault

Der müde Wanderer
Richard Strauss





MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XXVIII CICLO
CONCERTOS DE OUTONO
2026

XXVIII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2026

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

Todos os concertos celebraranse os domingos. Ciclo de música dedicado a intérpretes e profesionais galegos ou residentes en Galicia.

27 de setembro

HARUNA TAKEBE
piano

*Concerto en
colaboración con
Festival Vertixe 14

11 de outubro

ESPAÑA-CUBA.
MÚSICAS DE IDA E VOLTA
DÚO ARIA NOSTRA
Lis Teuntor
soprano
Julián Jesús Pérez
piano

18 de outubro

ADSUM
Laura Lorenzo
flauta
Brais González
piano

Domingo,
22 de novembro

AUGA

Elisa Vázquez
Doval
piano

29 de novembro

DÚO MARCO
Marta Vélez
violín
Constantino Pérez
piano

PROGRAMA

AUGA

Implacable Ice (2012)
Mercedes Zavala
(1963)

Le pas sur la neige (1910)
Claude Debussy
(1862-1918)

**Sobre la superficie
del agua (2015)**
César Camarero
(1962)

Voiles (1909)
Claude Debussy
(1862-1918)

In the mist - I Andante (1912)
Leoš Janáček
(1854-1928)

Brouillards (1913)
Claude Debussy
(1862-1918)

Rain Tree Sketch II (1992)
Toru Takemitsu
(1930-1996)

Jardins sur le pluie (1903)
Claude Debussy
(1862-1918)

**Anklänge an "La Cathédrale
Engloutie" (2017)**
Alberto Posadas
(1967)

La Cathédrale Engloutie (1910)
Claude Debussy
(1862-1918)

ELISA VÁZQUEZ DOVAL Pianista galega cunha salientable traxectoria como solista e música de cámara, Elisa Vázquez Doval presentouse en prestixiosos auditorios internacionais como o Concertgebouw de Ámsterdam e o Muziekcentrum Vredenburg de Utrecht, así como en numerosos escenarios de España e Europa. O seu compromiso coa música contemporánea levouna a estrear en España obras de compositores de renome como Elliott Carter, John Cage, Rebecca Saunders, Younghee Pagh-Paan, Joji Yuasa e Linda Catlin Smith. Participou en importantes festivais e ciclos nacionais, incluíndo o Festival Resis, as Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela, o Festival Internacional de Primavera da Universidade de Salamanca, a Fundación Juan March, a Fundación Caixa Galicia e o Festival Espazos Sonoros. "Escoitar á pianista de Mugardos nun repertorio no que se move como peixe na auga é outro pracer —un goce estético— de primeira magnitude... Son entre máximo e onírico que foi espléndidamente logrado por Vázquez Doval." Julián Carrillo, Liñas Adicionais. "A liña interpretativa que desfrutamos no concerto de Elisa Vázquez Doval en RESIS 2021, cun piano sen arestas, cohesionado e poético... Elisa Vázquez tirou de técnica e coñecemento de cada estilo." Paco Yáñez, Mundoclasico.com. Formada no Conservatorio Superior de Santiago de Compostela e no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, ampliou os seus estudos na Escola de Música de Barcelona, no Conservatorio de Róterdam e no Conservatorio de Utrecht, onde obtivo en 2006 un Máster en Piano. Os seus principais mestres foron Klára Würtz, Michael Davidson, Manuel Carra e Julián López-Gimeno, entre outros. Elisa recibiu bolsas e apoios de entidades nacionais e internacionais, incluíndo o Ministerio de Asuntos Exteriores, a Fundación Caixa Galicia, a Deputación da Coruña, a Comunidad de Madrid e a fundación holandesa Hein Fonds.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Jenaro Carrero
Fernández
O Curro de Noia,
ca. 1895





MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XXVIII CICLO
CONCERTOS DE OUTONO
2026

XXVIII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2026

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

Todos os concertos celebraranse os domingos. Ciclo de música dedicado a intérpretes e profesionais galegos ou residentes en Galicia.

27 de setembro

HARUNA TAKEBE
piano

*Concerto en
colaboración con
Festival Vertice 14

11 de outubro

ESPAÑA-CUBA.
MÚSICAS DE IDA E VOLTA
DÚO ARIA NOSTRA
Lis Teuntor
soprano
Julián Jesús Pérez
piano

18 de outubro

ADSUM
Laura Lorenzo
flauta
Brais González
piano

22 de novembro

AUGA
Elisa Vázquez Doval
piano

Domingo,
29 de novembro

DÚO MARCO
Marta Vélez
violín
Constantino Pérez
piano

PROGRAMA

Liebesleid

F. Kreisler
(1875-1962)

Souvenir d'un lieu cher op. 42

Méditation
Scherzo
Mélodie

P. I. Tchaikovsky
(1840-1893)

Danza española nº 1 **"La vida breve"**

M. Falla (1876-1946)
F. Kreisler (1875-1962)

Introducción e **Tarantella Op.43**

P. Sarasate
(1844-1908)

Aires Gitanos op. 20 de **P. Sarasate**

(1844-1908)

Introducción e **Rondó Caprichoso** **op. 28**

C. Saint-Saëns
(1835-1921)

MARTA VÉLEZ Nacida en Vigo, estudou violín no Conservatorio Superior da cidade co profesor Manuel Martínez. Con 18 anos ingresa no Real Conservatorio de Bruxelas, onde recibe clases de Agustín León Ara e Tános Adamopoulos e obtén o Primeiro Premio de Violín, Solfexo e Música de Cámara. Despois foi admitida na Guildhall School of Music and Drama de Londres con Ifrah Neaman, onde se graduou cunha licenciatura e un posgrao en interpretación musical. Así mesmo, complementou a súa formación asistindo a cursos e masterclass de prestixiosos profesores como Jose Luis García Asensio, Gerard Claret, Rodney Friend, Vartan Manoogian, Félix Ayo ou Nicolás Chumachenco. En recoñecemento ao seu talento, obtivo bolsas de diversas entidades; entre eles a Fundación Barrié, Caixa Galicia, Segundo Gil Dávila, A.I.E... Foi membro e colaborador habitual de diversas orquestras, como a Orquestra Clásica de Vigo, a Orquestra Nacional Xuvenil de España, a Orquestra Cidade de Granada, a Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Nacional de Bélxica, a Orquestra Filarmónica de Bruxelas, e Orquestra Xuvenil da Comunidade Europea, sempre dirixidas por directores de recoñecido prestixio. Tamén actuou como solista con varios deles, gravando o Concerto para violín de Manuel Quiroga coa Orquestra Ensemble Vigo 430. Actúa habitualmente como intérprete de música de cámara nunha gran variedade de grupos, participando en numerosos concertos e festivais en España e outros países europeos. Entre estes grupos, sempre dedicou especial atención ao dúo de piano, tendo colaborado frecuentemente con Cristina Olivar, José Manuel Fernández e Constantino Pérez. Actualmente é profesora de Violín no Conservatorio Superior de Música de Vigo, impartindo docencia a través do programa Erasmus en países como Italia, Grecia, Albania, Romanía, Camboia ou Portugal.

CONSTANTINO PÉREZ MURAS Comezou os seus estudos formais de piano no conservatorio da súa cidade natal, Vigo; continuounos con Martín Millán en Santiago de Compostela e completounos no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid baixo a tutela de Fernando Puchol. Porén, a persoa que deixou unha pegada profunda na súa formación foi a eminente pianista portuguesa Helena de Sá e Costa, con quen realizou estudos avanzados en Porto. Tamén recibiu formación e orientación a través de diversos cursos especializados, salientando os centrados na música española con Guillermo González, Manuel Carra e Alicia de Larrocha; na música romántica con Luiz de Moura; e na música de cámara con Jan Gruthuyzen. En 1986, obtivo o segundo premio no III Concurso Nacional de Piano "Gregorio Baudot" de Ferrol. Ao ano seguinte, comezou a impartir clases de piano no Conservatorio de Santiago de Compostela; actualmente exerce a docencia no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde tamén traballa como pianista acompañante. Ao longo da súa carreira, ofreceu numerosos concertos, tanto como solista coma formando parte de diversos grupos de cámara. Así mesmo, colaborou con frecuencia con diferentes coros e orquestras de Galicia, como o Orfeón Terra Nosa de Santiago de Compostela e a Orquestra Clásica de Vigo, da que é membro fundador. A súa destreza como pianista acompañante en diversos cursos e encontros propiciou que o prestixioso clarinetista belga Walter Boeykens o convidase —durante dous anos consecutivos— a participar como pianista nos Cursos Internacionais de Música de Jávea (Alacante). Entre as súas actuacións máis recentes, destaca a interpretación de obras de Chopin e Schumann como solista coa Orquestra Clásica de Vigo, con motivo do bicentenario de ambos os compositores en 2010. Como anécdota salientable, participou con grande éxito no concurso de Televisión Española "Saber y Ganar", onde chegou a interpretar unha peza ao piano xunto coa súa sobriña pequena.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Jenaro Carrero
Fernández
O Curro de Noia,
ca. 1895

